

CAAVEIRO

En homenaxe ás suxestivas paisaxes galegas, agasallos de séculos para os sentidos, vai este conto... que é un soño. Este soño... que é un conto. Pois ocorre que ao escribir todo é posible, mesmo o máis insospeitado.

E un soño, que é un conto, é imaxinarmos que o de que as fragas do Eume arderon non foi senón un mal pesadelo. E un conto, que é un soño, é pensarmos que as chamas traizoeiras non asolagaron sen dó o monte Louro ou, máis recentemente, o Pindo, fogar mitolóxico dos deuses celtas. E así, dando renda solta a ese soño máxico, redactando dende o corazón ese conto (imposible?), dou en crer nunha terra galega sen lumes inxustos e provocados, nunha terra galega protexida e con futuro. Porque un futuro mellor si é posible para a desherdada Galicia. Éo sempre e cando saibamos dunha vez crer nela, defendela e coidala como ao cabo merece.

E, nunha viaxe imaxinaria, ascendo mentalmente por un monte Louro inzado de mesto arboredo. Camiño despois pola esgrevia pendente en dereitura ao cumio do Olimpo celta, cos seus penoucos de séculos limpos de cinza e indignidade. E á fin paseo devagar á beira do maxestoso Eume, discorrendo este coma sempre o fixera ao abeiro dunha vexetación que, como eterna que é, segue aí...

Ata alí chegaran os dous cansos mais satisfeitos. Era case media mañá e atopábanse á beira do Eume, cuxas augas discorrían mainas ao abeiro de sombras centenarias. Antes camiñaran, dende as nove, nunha daquelas cumpridas excursións que adoitaban facer como colegas de toda a vida. Isto,

malia que había entre eles unha diferenza de dez anos. De súpeto escoitaron algo que chamou a súa atención e lles fixo detérense un intre. A melodía, fuxidía e lonxana, mesmo parecía saída dun soño máxico.

-Que é? –preguntou o cativo, que tiña nove de idade, fitando ao irmán con aceno de aglaio.

-É unha música de certo xeitosa, meu. Semella o son dunha fruta –respondeu este, ao tempo que tentaba aguzar o oído.

Cruzarón a ponte de Caaveiro e, deixando á súa esquerda o río, comezaron a subir a costenta e avesía verea. Enchíanse a pracer do ar limpo e recendente mentres camiñaban devagar entre un mesto arboredo que case non deixaba físgoas ás a aquela hora aínda coutadas raiolas do sol. Cheos de razón, amieiros, carballos e castiñeiros sobranceaban nas beiras entre fieitos e herbas ventureiras cunha autoridade outorgada polo paso do tempo. Segundo se ían achegando ao mosteiro beneditino, o son facíase máis nidio e gañaba en intensidade, mesturado co máis afogado dos seus pés ao pisaren nas follas do chan.

-A que che soa? –agora foi o maior o que fixo a pregunta.

-Soa, pois... vai ser que a conto de fadas –dixo o pequeno logo de pensar un anaco a resposta.

-Levas razón, mais por riba de todo soa a enxebre, a cousa boa, a noso. Ao cabo non soa senón... –explicoulle o outro, que recoñecera o noso himno, mais fixo unha pausa e non rematou a frase.

-A que? –apremouno o neno, cheo de interese.

-Soa... a galego –engadiu agora o máis vello, e fíxoo coma quen dita unha sentenza tan certa como sentida.

Ante estas palabras, o neno gardou silencio e sorriu compracido ao tempo que lle daba voltas mentalmente ao adaxio do irmán. Sentíase realmente ben naquel lugar idílico e repousado ao que nunca antes chegara, no que a paz e a beleza se mesturaban nunha simbiose de perfeccións indefinibles. Semellaba que o doce son ía abranguendo aos poucos todo ata se facer dono absoluto do espazo, ao tempo que transmitía un sosego case colledizo.

Atopárono moi preto do monumento, só. Era un ancián duns oitenta anos. Pequeneiro e fraco coma un fiúncho, lucía unha barba branca longuíssima e ben coidada. Estaba sentado nun valo, coas pernas penduradas sen chegaren ao chan. O frautista tocaba ledo as tenras notas do mestre Veiga, e facíao de certo con moito aquel. Enviso, a ollada perdida nalgún punto inconcreto da aglaiante paisaxe, alleo a todo canto o arrodeaba, nin se decatou da súa presenza. Sen interrompelo, acobadáronse os dous no mesmo valado mais a uns vinte metros del. Enxergaron entón a imaxe montesía e subxugante que tiñan diante, co Eume discorrendo con preguiza en dereitura á súa foz atlántica logo dun arrevesado percorrido dende a afastada serra do Xistral, mesmo como o fixera dende tempos inmemoriais. Perante eles, concluínte, un cadro sen igual. A nai natureza agasallábaos coa mostra de matices en verde máis suxestiva xamais aquela por pintor ningún. O cativo sorriu outra volta cos ollos remelados, ensimesmado na contemplación daquel conxunto de “retallos do ceo” perfectamente ensamblados. O maior, pola súa vez, fixo un aceno que mesturaba abraio e admiración. Foi entón cando o vello se deu de conta á fin de que estaban alí. Á que os viu, sorriu e fixo unha pausa na súa interpretación. -Todo ben, rapaces? –preguntoulles ao ver aquela ledicia collediza que amosaban as súas faces.

-Abofé. Todo ben, mestre –asegurou o maior dos irmáns, e fixo un xesto coa man aberta para pedirlle que non deixase de tocar.

-Grazas, mais non son merecente de tal afago. Vai, daquela, por vós – respondeu o home.

E, dito isto, ao dereito retomou con máis interese aínda o seu particular concerto. Si, como o lonxevo frautista dixera, todo estaba ben. Ou, para sermos xustos, todo estaba moi ben. Tal parecía que o reloxo da vida se detivera coma nun feitizo, convidándoos a seren felices sen pensar en máis nada. Ata aquela camaradaría, que os unía aos dous dende sempre, parecía medrar aos poucos ao compartiren aquela marabilla que lles tocara en sorte gozar.

-Temos que vir aquí máis veces, é moi fermoso todo isto –falou o máis novo en voz baixiña en sinal de respecto ao artista.

-Éo. Mesmo como... estarmos ás portas do paraíso, meu neno –deulle a razón o outro, e acariñoulle a caluga con agarimo ao tempo que pechaba os ollos coma quen quere soñar esperto.

-Pois vou entrar no paraíso –arremedou o pequeno o xesto do irmán, e seguiu escoitando cos ollos pechos e un sorriso de orella a orella.

O increíble son enchía de maxia o agochado eido de foresta salvaxe. A fruta soaba coma un agasallo inagardado da providencia, co acompañamento insospeitado do rechouchío eterno dos paxaros, ao cabo orquestrando unha sinxela metáfora do ancestral sentimento galego, un sentimento mergullado nas regañas dun pasado –tan presente– que quizais nunca se foi.

Enfeitizados, os irmáns ollaron e escoitaron silandeiros. Acreditaron ao dereito en que era a natureza enxebre zumegando vida para eles dous, privilexiadas testemuñas dun espectáculo maiúsculo. Era a terra galega ofrecéndose

amorosa, cómplice, se cadra pregando á súa maneira solidariedade. Olláronse os dous.

-Cómpre protexermos esta terra, meréceo –afirmou con solemnidade o irmán maior.

O outro, sen dar fala, acenou coma quen entendeu a mensaxe.

Non, non facía falta máis nada, alí estaba todo, a beleza no seu estado máis puro. Abondaba con deixar traballaren aos sentidos ao seu xacer e deixarse levar. Abondaba con recibiren demoradamente aquela enchente de sensacións pracenteiras. Abondaba co son engaiolante, coa fraga inmorredoira, cos nobres perpiaños do mosteiro, co maxestoso río percorrendo o seu vieiro de séculos á procura do seu derradeiro destino, o mar infindo. Abondaba con aquel agasallo dos deuses en forma de milagre na Terra. Abondaba... con Caaveiro.

Pseudónimo: Son fuxidío á tardiña